

Análise da crise económica
e dos seus efectos nos movementos
migratorios hispano-suízos

*Analysis of Economic Crisis and its Effects on Migration
between Spain and Switzerland*

XOSÉ PICATOSTE

Universidade da Coruña, Facultade de Socioloxía, Elviña, 15071 A Coruña, España

<xose92@gmail.com>

Recibido: 25/06/2015

Aceptado: 20/07/2015

Resumo

Os movementos migratorios internacionais son consubstanciais á procura de mellores condicións de vida. Así, desde os países menos desenvolvidos, con conflitos bélicos ou inestabilidade política, xorden fluxos migratorios cara aos países con maior estabilidade política ou máis favorables condicións socioeconómicas. No entanto, nos contextos de crise económica, as condicións diferenciais entre os distintos países vense modificadas e a incerteza aparece como elemento adicional.

A emigración de España a Suíza foi relevante en termos cuantitativos na metade do pasado século, e estivo constituída principalmente por man de obra masculina e pouco cualificada. A situación de bonanza económica dos derradeiros anos do século XX e inicios do século XXI modificou o panorama social e económico en España, mais a forte crise económica global iniciada en 2007 mudou o escenario mundial. Neste traballo analízanse os fluxos migratorios entre España e Suíza, facendo especial referencia á emigración galega cara a ese país. Os resultados confirman os efectos da crise no caso analizado.

Palabras chave: crise económica, migracións España-Suíza, emigración galega.

Abstract

International migration flows are inherent to the search for improving people living conditions; so, these flows usually goes from those less developed countries, or involved in a war or living under political instability, towards countries with a greater political stability or with better socioeconomic conditions. In the context of economic crisis, the differentials between countries conditions become modify and the uncertainty appears as an additional element.

The emigration from Spain to Switzerland was important, in quantitative terms in the past half century, and it was mainly shaped by male and low-skilled labour. The economic boom of the late twentieth century and early twenty-first century changed the social and economic landscape in Spain. Anyway, the strong global economic crisis, begun in 2007, changed the world stage. In this paper the migratory flows between Spain and Switzerland are discussed, with special reference to the Galician emigration to that country. The results confirm the effects of the crisis for the analysed case.

Keywords: Economic crisis, Spain-Switzerland migration, Galician migratory flows.

1. Antecedentes históricos

A relación entre movementos migratorios e desenvolvemento económico é unha constante na historia dos países, alén do motivo polo que as crises económicas en xeral, e a que estamos a padecer nestes intres en particular, deixan ver os seus efectos nos fluxos de persoas (Rinken, 2013). As migracións intracontinentais determinaron a historia europea nos últimos tres milenios. No entanto, na segunda metade do século XX houbo un proceso de aceleración debido aos efectos da segunda guerra mundial e dos movementos das fronteiras, por unha banda; e aos movementos promovidos pola procura de empregos máis axeitados nos países con maior desenvolvemento económico (Vilar Ramírez, 2000), pola outra. Así, os desprazamentos laborais foron moi intensos nos anos 1960-1973, en que algúns países experimentaron fortes crecementos económicos (Espiego, 1985).

No relativo ás migracións exteriores, a poboación española entrou nunha fase de forte mobilidade a partir de 1959, momento en que tamén mudou o destino da emigración, que foi abandonando as súas direccións tradicionais –principalmente América Latina– para centrarse en Europa. Así, a mediados da década dos cincuenta a emigración española a Francia, Alemaña e Suíza comeza a crecer progresivamente, polo que o Estado español, a través do Instituto Español de Emigración (IEE), asina con estes países acordos sobre emigración. Primeiro con Francia, en 1956; e posteriormente con Alemaña, en 1960, e con Suíza, en 1961¹ (Lobete Pérez, 2015).

Os estímulos máis fortes foron o Plan de estabilización do ano 1959 e a forte prosperidade de que gozou Europa a partir da entrada en vigor do Tratado de Roma, polo que se creou a Comunidade Económica Europea (CEE). É interesante destacarmos que a saída dun gran volume de man de obra española nos anos da recesión de 1959 a 1961 supuxo un dos factores máis importantes para o éxito no curto prazo do Plan de estabilización. Sen a espita da emigración, o paro en España elevaríase a cifras moi importantes, as remesas de emigrantes non chegarían aos valores que acadaron e, talvez, había producirse un retroceso nas medidas estabilizadoras.

Tras o máximo acadado no saldo total de migracións externas no ano 1961, en 1962 iniciouse xa a caída das cifras netas de saídas, pero sen que o crecemento económico

¹ O instrumento de ratificación do Acordo entre España e Suíza sobre contratación de traballadores españois para o seu emprego en Suíza foi publicado no BOE n.º 294, do 9 de decembro de 1961.

español dos anos sesenta chegase a absorber as nosas reservas de man de obra. Na Táboa 1 recóllense os datos de saídas e retornos, alén do saldo migratorio, desde o ano 1950 até o ano 1972, segundo os datos de Tamames (1990) e Antolín Cruz (1983).

Táboa 1. Saldo migratorio total no período 1950-1972 (número de persoas)

Anos	Saídas	Retornos	Saldo
1959	55 130	41 309	13 821
1960	73 431	35 308	38 123
1961	115 372	7 815	107 557
1962	142 505	45 844	96 661
1963	134 541	52 230	82 311
1964	192 999	112 871	80 128
1965	181 278	120 678	60 600
1966	141 997	143 082	-1085
1967	60 000	85 000	-25 000
1968	85 662	67 662	18 000
1969	112 205	43 336	68 869
1970	105 538	39 864	65 674
1971	120 984	50 636	70 348
1972	110 369	70 000	40 369

Fonte: elaboración propia con base nos datos de Tamames (1990) e Antolín Cruz (1983)

Táboa 2. Emigración por países de destino no período 1970-1972 (número de persoas)

País			
Alemaña	40 658	30 317	23 271
Francia	22 727	24 266	21 795
Suíza	26 777	51 751	55 746
Holanda	6373	5922	2084
Outros países	1122	1446	960
Total Europa	97 657	113 702	103 856
Ultramar	7881	7282	6513
Total	105 538	120 984	110 369

Fonte: elaboración propia con base nos datos de Tamames (1990)

Tamén cómpre facer referencia ás migracións de tempada que tiñan como aliciente os altos xornais que se atinxían, como por exemplo as realizadas a Francia para acometer traballos, de moita dureza e xornadas moi longas, na recollida das colleitas, que requiren un importante volume de man de obra (especialmente na vendima). Ao chegar a época da colleita grandes continxentes de obreiros emigraban nesas datas, principalmente a Francia, durante un período de tempo variable, case nunca maior de tres meses. Por último, como xa se apuntou antes, é interesante subliñarmos a importancia que chegaron a ter na balanza de pagos as remesas dos traballadores no estranxeiro e os retornos dos emigrantes de tempada.

A emigración a Europa cesou coa crise de 1973. O 6 de outubro de 1973, en plena celebración do Yom Kippur –Día do Perdón– xudeu, as tropas dos países árabes veciños lanzaron unha ofensiva a grande escala contra Israel. Despois de tres semanas de loita, os israelís conseguiron restablecer a súa hexemonía coa axuda dos Estados Unidos. Esta breve guerra ía deixar un rastro profundo e non só no Oriente Próximo. Os países árabes, coñecedores do apoio que os países occidentais prestaran ao Estado hebreo, decidiron utilizar o petróleo como arma económica e bloquearon os envíos previstos aos defensores de Israel. Os prezos triplicáronse en moi poucas semanas –o barril de petróleo pasou de custar 3 dólares en outubro do ano 1973 aos 11,70 dólares de xaneiro de 1974– e aínda aumentaron máis nos anos seguintes. Foi o detonante da fin dunha época dourada, a longa etapa de crecemento económico que seguiu á segunda guerra mundial, que naqueles intres sufría a crise do sistema monetario internacional e as conseguíntes presións inflacionistas.


No ano 1979 producíronse o derrocamento do xa iraniano Mohammad Reza Pahlaví e a instalación dun réxime de base relixiosa no país persa, un dos principais produtores de cru do mundo, o que motivou a coñecida como segunda crise do petróleo. Deseguida se iniciou unha guerra aberta entre Irán e o veciño Iraq, así mesmo gran produtor de petróleo. Os prezos multiplicáronse de novo: de pagarse a 12,7 dólares o barril a principios de 1979 pasouse a 26 dólares a comezos de 1980 e a 37 dólares a finais dese mesmo ano.

Unha vez superada a crise económica, España converteuse nun país de inmigrantes en lugar de emigrantes. Esta situación cesou coa actual crise económica derivada, entre outras causas, da creba de Lehman Brothers. A emigración volveu aparecer, aínda que agora ten un perfil diferente, porque é xente nova e cualificada a que sae buscar traballo lonxe das nosas fronteiras.

2. Inmigración procedente de Suíza en España

Na inmigración procedente de Suíza que chegou a España entre 1998 e 2013 podemos distinguir claramente dúas fases, a primeira de 1998 até 2007 e a segunda de 2007 até 2013, cuxa liña divisoria aparece marcada no Gráfico 1. As taxas de crecemento son elevadas na primeira fase, aínda que se percibe unha certa irregularidade, cunha importante caída en 2001 e o posterior crecemento até 2007; e decrecentes na segunda fase, de 2007 en diante, cando comeza a crise económica, que se reflicte nos fluxos migratorios. Así, pode observarse unha forte caída no comezo da devandita crise, seguida de lixeiras diminucións nos seguintes anos, malia que en 2011 se aprecia unha recuperación –moi lixeira– do número de persoas orixinarias de Suíza, que logo volve decrecer.

Gráfico 1. Inmigración a España procedente de Suíza no período 1998-2013
(número de persoas)



Fonte: estatística de variacións residenciais do INE


Na Táboa 3 e no Gráfico 2 representamos os resultados de analizarmos a inmigración a España atendendo ao país de procedencia e resumimos os datos máis relevantes por países para o período estudado.

Táboa 3. Inmigración internacional a España segundo o país de procedencia (número de persoas)

	1998	2001	2004	2007	2010	2013
Ecuador	2079	82 742	12 206	25 008	5159	4995
Alemaña	9965	12 496	14 713	18 902	9700	8416
Portugal	1635	3244	8523	25 837	6014	4137
Reino Unido	5498	17 114	46 518	38 347	17 568	15 402
Romanía	538	23 512	89 620	174 217	49 562	18 665
Suíza	4594	3004	4238	5104	2217	2230
Outros	0	0	125 694	112 626	128 428	104 380

Fonte: elaboración propia con base na estatística de variacións residenciais do INE

Gráfico 2. Inmigración internacional a España segundo o país de procedencia (número de persoas)



Para estudar a inmigración por países seleccionáronse só os dez primeiros de procedencia do maior número de persoas, mais tamén se tivo en conta a variabilidade dos fluxos migratorios, que fai que a orde dos países máis relevantes neste sentido vaia cambiando no tempo. Deste xeito, presentamos a continuación dúas táboas: a Táboa 4 recolle en orde decrecente do número de persoas os dez países de que España recibiu máis inmigrantes en 1998, mentres que a Táboa 5 fai o mesmo de acordo co nivel de inmigración de 2013. Como pode verse, en 1998 Suíza ocupaba o quinto lugar en importancia entre os países de orixe da inmigración a España, mais o seu peso foi diminuíndo e, de feito, en 2013 xa non figura sequer na listaxe das dez primeiras procedencias, senón que ocupa o trixésimo lugar.

Táboa 4. Países de procedencia da inmigración a España en orde decrecente polo número de persoas referido ao ano 1998

	1998	2003	2008	2013
Marrocos	10 995	41 401	66 930	14 818
Alemaña	9965	13 746	13 310	8416
Francia	5686	8847	12 674	9776
Reino Unido	5498	34 177	25 108	15 402
Suíza	4594	3705	2707	2230
Venezuela	3348	18 411	13 101	7226
Colombia	2745	11 602	34 577	7659
Arxentina	2540	29 626	17 786	5072
República Dominicana	2397	7033	15 730	7437
Cuba	2312	4775	9609	7356

Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

Táboa 5. Países de procedencia da inmigración a España en orde decrecente polo número de persoas referido ao ano 2013

	1998	2003	2008	2013
Romanía	538	55 294	58 377	18 665
Reino Unido	5498	34 177	25 108	15 402
Marrocos	10 995	41 401	66 930	14 818
Italia	2060	5796	13 273	18 665
Francia	5686	8847	12 674	15 402
Alemaña	9965	13 746	13 310	14 818
Estados Unidos	1803	4445	7122	11 325
Colombia	2745	11 602	34 577	9776
Rusia	630	4909	6234	8416
República Dominicana	2397	7033	15 730	7934

Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

3. Emigración española con destino a Suíza

Como vimos nos antecedentes históricos, desde o convenio asinado polos dous países en 1961, a emigración española a Suíza foi moi importante, tanto que chegou a acadar a cifra de 176 635 españois no ano 1974. Esta cifra foi diminuíndo progresivamente até o ano 2009, mais a partir dese ano, despois do estalido da crise e da burbulla inmobiliaria en España, a tendencia volveu cambiar e os españois puxeron de novo a súa vista en Suíza en espera de atoparen unha oportunidade laboral. Segundo os datos da Secretaría de Estado de Migracións helvética (SEM, 2014) e do Instituto Nacional de Estatística de España (INE, 2014), no ano 2007 saíron de Suíza 2166 españois máis dos que entraron. Nos anos seguintes, 2008, 2009 e 2010, a situación mudou e o saldo foi positivo en 154, 679 e 761 persoas respectivamente (véxase a Táboa 6).

Cómpre salientarmos que as entradas só inclúen aquelas persoas con permiso de residencia, ás cales habería que engadir as que chegaron a Suíza cun permiso de curta duración dos que se lles conceden a aos traballadores que teñen un contrato cunha duración superior a tres meses e inferior a un ano, polo que o número total de inmigrantes é maior en realidade. Por outra banda, como detalle de interese podemos apuntar que os novos emigrantes españois son maioritariamente (67%) persoas de entre 21 e 44 anos.

Táboa 6. Migración de españois a Suíza no período 2010-2014 (número de persoas)

Ano	Entradas	Saídas	Saldo neto
2010	3258	2497	761
2011	4584	2970	1614
2012	3040	1082	1958
2013	3714	1113	2061
2014	3274	1297	1977

Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

Aínda que como acabamos de ver a emigración española a Suíza foi aumentando nos últimos anos, en porcentaxe, comparada coa que ten como destino Europa, ou en relación co total mundial, non é moi alta. No período 2002-2013, o peso porcentual da emigración a Suíza foi perdendo importancia, e, malia que houbo unha aparente recuperación en termos relativos a redor do ano 2009, en anos posteriores volveu diminuír. A porcentaxe de emigración a Suíza en relación con Europa era dun 5,8% do total no ano 2002 e dun 4,8% en 2013. Por outra banda, en relación co total mundial, a porcentaxe de emigración a Suíza empeza sendo dun 6,5% en 2002, para rematar con menos dun punto porcentual, no 0,8%, en 2013.

Táboa 7. Evolución temporal da emigración a Suíza (porcentaxe)

Emigración a Suíza	Emigración a Suíza en relación con Europa	Emigración a Suíza en relación co total mundial
2002	5,8%	6,5%
2003	4,9%	4,6%
2004	4,8%	1,9%
2005	4,8%	1,7%
2006	4,5%	0,8%
2007	5,5%	0,6%
2008	7,0%	0,6%
2009	7,0%	0,5%


Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

4. Os fluxos migratorios entre España e Suíza atendendo ao sexo dos migrantes

Os datos tanto da emigración de españois a Suíza como da inmigración en España de procedencia helvética son respectivamente similares para homes e mulleres.

No caso da emigración española, a tendencia é a apuntada en relación coas fases da crise económica, polo que aumenta a partir de 2011. Como pode verse no Gráfico 3, existe unha evolución paralela para homes e mulleres, aínda que, en especial contra o final do período estudado, a emigración masculina é lixeiramente superior. A tendencia nos últimos anos é crecente e desde o ano 2008 apréciase unha separación dos niveis de emigración a Suíza, porque os fluxos masculinos aumentan máis que os femininos.


Gráfico 3. Emigración de España a Suíza segundo o sexo



Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

A inmigración procedente de Suíza, como se reflicte no Gráfico 4, ten padróns moi similares para os homes e as mulleres. Apréciase unha lixeira maioría de homes inmigrantes, en particular nos anos intermedios do período, antes da crise económica comezada en 2007. É precisamente neste ano cando máis se achegan as cifras de homes e mulleres, case iguais.

Gráfico 4. Inmigración de Suíza a España segundo o sexo



Fonte: elaboración propia con base nos datos da estatística de variacións residenciais do INE

5. A emigración galega a Suíza

A emigración galega cara a América e a Castela tivo, a partir de 1960, un novo destino: Europa e, dentro dela, principalmente Alemaña, Suíza e Inglaterra. A chegada dos galegos a Suíza a partir dos anos sesenta debe verse no contexto das política migratoria exterior española e suíza, pois cómpre lembrarmos que despois da segunda guerra mundial os estados interviñeron para canalizar o fluxo migratorio dun xeito que até entón resultaba inusual. É un dos trazos fundamentais das migracións do sur cara ao centro e ao norte de Europa nos anos da guerra fría (Calvo Salgado, Graf, Helfer Herrera Erazo e Martínez Crespo, 2010).

A finais dos anos cincuenta o modelo autárquico español estaba esgotado. Ante a necesidade do Estado de reducir a enorme demanda de postos de traballo que se daba no mercado laboral interior, o Plan de estabilización do ano 1959 xa nomeado favoreceu a exportación da man de obra nos anos seguintes. Así, tal como sinalamos, asináronse varios tratados con diversos países europeos, entre outros Suíza, para facilitar e regular a emigración cara a eles.

Na altura, para Suíza, Italia deixara de ser o país ideal para buscar man de obra barata –como de feito fora dez anos antes– polas demandas do Goberno italiano e dos traballadores procedentes dese país, cunhas esixencias que facían que a emigración italiana fose menos rendible que no pasado. É este o contexto en que xorde o tratado entre Suíza e España que se asinou o 2 de marzo de 1961. Neste tratado formuláronse as condicións xerais en que se debería enmarcar a emigración española (o modo de contratación, a duración do permiso de residencia, o permiso para traer a familia, as condicións relacionadas cos seguros etc.), as cales foron bastante máis negativas que as acadadas por Italia no tratado de 1964 (Calvo Salgado, Graf, Helfer Herrera Erazo e Martínez Crespo, 2010).

Debe notarse que na Suíza dos anos sesenta e setenta os emigrantes do sur de Europa foron obxecto dunha forte xenofobia. O Goberno federal e os cantóns intentaron controlar a dinámica propia dos movementos migratorios con diversas estratexias: en primeiro lugar, estipulando o número de emigrantes que podían ser contratados por unha soa empresa; posteriormente, fixando un número global de emigrantes para todo o país con continxentes asinados a cada cantón. Co paso do tempo, a política de inmigración levou pouco a pouco a modificar a actitude da poboación suíza cara a estes emigrantes, entre outros motivos porque o que ao principio se concibía como unha

estadía temporal foi converténdose en moitos casos nunha residencia permanente ou cando menos de longa duración. Mais aínda así, a asimilación en aspectos culturais e da vida cotiá non se coidou especialmente (Calvo Salgado, Graf, Helfer Herrera Erazo e Martínez Crespo, 2010).

A emigración galega a Suíza merece un tratamento especial dentro do proceso global da emigración do sur de Europa e do da española dos anos sesenta e setenta en particular. Aínda que todos os emigrantes do sur de Europa presentan afinidades e semellanzas moi importantes, o certo é que os emigrantes galegos, eles mesmos se definen como un grupo diferente e propio. A seguir trataremos algúns dos seus trazos característicos.

De partida, na maioría dos casos, a man de obra tiña un contrato de tempada, e despois duns anos concedíasele un permiso de residencia por un ano, Con este permiso moitas persoas trataron de buscar un posto de traballo no sector industrial, e de feito este é o sector en que veu traballando boa parte dos galegos emigrados a Suíza desde finais dos anos sesenta até os anos oitenta. Algunhas persoas traballan aínda hoxe na industria, pero cada vez son menos. Así, por exemplo, no ano 1966 o 30% dos emigrantes eran traballadores temporais que se dedicaban á construción. Entre os permanentes era máis frecuente a dedicación industrial, un 25% na industria metálica e un 6% na industria téxtil, seguida do sector terciario, cun 23% na hostalaría e un 6% no servizo doméstico. Só se dedicaba á agricultura unha porcentaxe moi baixa da poboación galega emigrante (Calvo Salgado, Graf, Helfer Herrera Erazo e Martínez Crespo, 2010).

No tocante ao destino da emigración galega ao país helvético, a comezos da década dos sesenta os emigrantes concentráronse nos cantóns franceses de Xenebra e Vaud, os mellor comunicados co Estado español e cunha lingua de orixe latina; no entanto, foi Zürich, cantón de lingua alemá, o que albergou o maior número de galegos ao final do período migratorio. O cantón de Berna, tamén de lingua alemá, foi o cuarto lugar de destino en importancia. Entre 1966 e 1976 a colonia galega dos cantóns franceses medrara un 40%, mentres que a residente nos cantóns alemáns se duplicou, principalmente en Zürich, en que se multiplicou por 3,5 (Calvo Salgado, Graf, Helfer Herrera Erazo e Martínez Crespo, 2010).

Nos últimos anos, coa crise económica o movemento migratorio volveu ser positivo. Segue a marchar a Suíza moita man de obra non cualificada, mais tamén emigran persoas cualificadas que traballan en multinacionais farmacéuticas e de alimentación que teñen o seu centro de actividade nese país.

A vida diaria dos emigrantes galegos en Suíza dependía de moitos factores, como por exemplo do tipo de traballo (non era o mesmo traballar na industria, na construción, na agricultura ou no servizo doméstico), do lugar de residencia (nunha vila, nunha cidade ou nuns barracóns da empresa), de se a persoa se encontraba soa ou coa súa familia e do seu círculo social. A vida cotiá dun/ha emigrante probablemente difería máis da dun/ha suízo/a cando se trataba de emigrantes solteiros que vivían no lugar de traballo. Outra diferenza é que os emigrantes galegos tiñan varios empregos, por exemplo, traballaban nunha fábrica de día e á noite ían limpar oficinas, algo impensable no caso dos traballadores suízos.

No referente á integración no novo país, cómpre subliñarmos que esa non era unha idea que tivesen os emigrantes dun xeito xeneralizado. A maioría consideraba a emigración como un proxecto de aforro, unha fase cun prazo determinado, e non se preocupaba tampouco pola integración social. En calquera caso, malia que os membros da chamada segunda xeración se consideran completamente integrados, en realidade non é así, xa que a sociedade suíza segue a ter as súas reservas cara a eles. Proba deste feito é que o pobo suízo ten votado repetidamente en contra de lles facilitar a nacionalización.

Con respecto á idea do regreso ao país de orixe, hai que dicir que é un desexo común entre emigrantes de todas as rexións do mundo, un fenómeno que acompaña a emigración. Porén, dentro da emigración europea da segunda metade do século XX os galegos destacan por este motivo. Os emigrantes a Suíza constitúen posiblemente o grupo que en maior número retorna ao seu país, coa sorpresa de que moitas veces «regresan» os fillos dos emigrantes, algo que por exemplo acontece con moito menos frecuencia entre os italianos.

O retorno a Galicia non ten só un compoñente económico, senón que está influído por razóns sociais e culturais. Non hai dúbida ningunha de que cunha pensión de vellez suíza se vive mellor en Galicia que en Suíza. Se a iso lle sumamos o feito de ter unha vivenda propia en Galicia, o elemento económico cobra moita importancia. Máis aínda así existen outros factores. Tanto o retorno en si como a forma en que se leva a cabo son parte dun discurso social sobre a emigración en Galicia. Así, para moitos emigrantes o retorno representa unha norma social que ten un efecto estruturador sobre a súa historia de vida. Para moitos emigrantes o afastamento da idea do retorno significaría unha ruptura da súa biografía.

A casa –ben sexa mercala, construíla ou arranxala– é un factor determinante para o retorno dos galegos desde o punto de vista tanto económico como emocional e simbó-

lico. Os gastos que implicaba a construción dunha casa propia en Galicia foron moitas veces a causa do aprazamento do regreso e requirían grandes sacrificios por parte dos emigrantes. Con todo iso, ou precisamente por iso, a casa adquiría un valor emocional e simbólico de vital importancia: representaba tanto o fogar onde se reuniría de novo a familia desartellada durante a emigración como a proba da presenza desta familia en Galicia e o benestar económico acadado na emigración.

Outra das causas do aprazamento do retorno foi a educación escolar e a formación profesional dos fillos. Moitas veces os fillos criábanse cos avós en Galicia. Ao remataren a escola, os seus pais non estaban listos para regresar polas débedas acumuladas na construción da casa, e, ante a falta de oferta de traballo na terra, decidían levar os fillos a Suíza, onde comezaban unha formación profesional. Naturalmente ao ir aprazándose a volta, esta ía relacionándose máis e máis coa xubilación. Moitos emigrantes remataron por rexeitar a idea de se volver inserir no mercado laboral en Galicia e decidiron ficar en Suíza até alcanzaren a xubilación.

A respecto da cuestión da xenofobia, a chegada de emigrantes a Suíza deu lugar a iniciativas deste corte, e pode dicirse que desde 1965 os suízos votan regularmente nas urnas sobre propostas xenófobas. As primeiras tiveron a súa orixe no enorme crecemento da poboación estranxeira desde os anos cincuenta. Este crecemento constante foi e é instrumentalizado para fomentar o medo dos suízos ante a perda da súa identidade cultural, que en tempos de crise obviamente aumenta. A última votación para restrinxir a emigración tivo lugar o 30 de decembro do 2014. A proposta da organización Ecoloxía e Poboación para evitar a superpoboación, de impoñer un saldo migratorio anual do 0,2% da poboación residente (dezaseis mil persoas, fronte ás oitenta e tres mil actuais), foi rexeitada polo 74,1% dos cidadáns que acudiron ás urnas.

6. Conclusións

O máis salientable da análise dos fluxos migratorios hispano-suízos é que están profundamente marcados pola crise económica e que na súa maioría son protagonizados por persoas de nacionalidade española. A emigración suíza cara a España, aínda que con algunhas variacións, conta cunha tendencia decrecente que vai desde as 4594 persoas no ano 1998 até as 2230 no ano 2013. En 1998 Suíza ocupaba o quinto lugar en importancia entre os países de orixe dos migrantes a España, mais o seu peso foi diminuindo até que en 2013 non figura nin sequera entre os dez primeiros países: o seu é o trixésimo lugar.

No relativo á emigración a Suíza procedente de España, é de salientarmos que corenta anos despois de que Suíza acollese boa parte da emigración española a historia se repite coa chegada de novos españois a este país cunha reducida taxa de paro. Desde o ano 2010 o saldo neto entre os españois que entran no país helvético e os que saen é positivo, aínda que a porcentaxe é pequena se a comparamos coa emigración ao resto de Europa e o total mundial.

Tendo en conta o sexo dos migrantes, tanto na emigración de España a Suíza como na de Suíza a España, os datos son semellantes para homes e mulleres. Con todo, no caso da emigración española a Suíza, a partir de 2008 os fluxos de emigración masculinos aumentan máis que os femininos.

O modelo de emigración tradicional dos galegos a Suíza rematará co retorno dos derradeiros emigrantes nos próximos anos; trátase da fin dunha época da emigración. Os actuais e futuros movementos migratorios entre Galicia e Suíza haberá que velos no marco dunha Europa cada vez máis pequena mercé ao Tratado de libre circulación de persoas. É unha migración que acontece baixo outros parámetros, os cales cabe agardarmos que sexan máis humanos e que lles deixen máis liberdade aos individuos na toma de decisión sobre o seu lugar de residencia.

Referencias bibliográficas

ANTOLÍN CRUZ, M. A. (1983) *La emigración gallega asistida a la República Federal de Alemania, Francia y Suiza*. Madrid, Instituto Español de Emigración.

CALVO SALGADO, L. M.; GRAF, E.; HELFER HERRERA ERAZO, M. e MARTÍNEZ CRESPO, X. (2010) *Galicia en Suíza. Aspectos dunha emigración*. Santiago de Compostela, CIG.

ESPIAGO, J. (1985) *Migraciones internacionales*. Barcelona, Salvat.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2014) Estadística de variacións residenciais. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/yx44MW>>.

LOBETE PÉREZ, J. (2015) [en liña] *La emigración española y castellanoleonese en los años 60 hacia los países europeos*. Traballo de fin de grao presentado no seo da Facultade de Educación da Universidade de Valladolid. Dispoñible no enderezo web <<http://goo.gl/bkWtMV>>.

RINKEN, S. (2013) «El día después: la sociología de las migraciones en tiempos de crisis» *Revista Española de Sociología* 19, pp. 171-186.

STATE SECRETARIAT FOR MIGRATION (SEM) (2014) Foreign Population Statistics. Disponible no endereço web <<https://goo.gl/OyCE2z>>.

TAMAMES, R. (1990) *Estructura económica de España*. Madrid, Alianza Editorial.

VILAR RAMÍREZ, J. B. (2000) «Las emigraciones españolas a Europa en el siglo XX: algunas cuestiones a debatir» *Migraciones & Exilios* 1, pp. 131-159.